

Xavier Queipo, Anxo Fariña e Héctor Carré, novos Premios Xerais

REDACCIÓN.VIGO
localad@atlantico.net

— A illa de San Simón acolleu onte unha nova edición de entrega dos Premios Edicións Xerais. Por categorías, as obras galardonadas foron en Xerais de Novela, dotado con 25.000 euros, “Extramundo”, de Xavier Queipo; en Merlín de Literatura Infantil, dotado con 12.000 euros, “A chave da Atlántida”, de Anxo Fariña e en Fundación Caixa Galicia de Literatura Xuvenil, dotado con 10.000 euros, “Febre”, de Héctor Carré.


Esta festa literaria consistiu nun

acto literario-musical, celebrado no auditorio da illa de San Simón, ao que seguiu unha cea ao aire libre nos xardíns. Á velada asistiron máis de trescentas persoas, entre as que se atopaban Roberto Varela, conselleiro de Cultura e Turismo; Javier Bas, alcalde de Redondela; Francisco López Rodríguez, director xeral do Libro, Arquivo e Bibliotecas da Consellería de Cultura de Turismo; Carne Adán, deputada do Parlamento de Galicia; Xabier Alonso, director xerente da Fundación Illa de San Simón; Xurxo Patiño, presidente

da Federación de Libreiros de Galicia e colaboradores da editorial.

Celia Torres, coordinadora e presentadora dos premios, abriu a velada lembrando uns versos optimistas de Lois Pereiro, para logo dar paso a primeira das intervencións de O Leo i Arremecághona, o cantante de Matamá que se ocupou do apartado musical deste serán musical e literario.

De seguido entrevistou María Xosé Queizán, quen como mantedora literaria lembrou ás trobairitz, as donas occitanas que no século XII compuxeron cantigas.■



Héctor Carré, Xavier Queipo e Anxo Fariña cos Xerais, en San Simón.

S.E.